

ORDE DO 29 DE ABRIL DO 2022, PUBLICADA O 18 DE MAIO NO DOG QUE REGULA A PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E A SOLICITUDE DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

Prazo para presentar solicitudes: dende o 19 de maio ata o 22 de xuño (inclusive)

As solicitudes poderán presentarse:

- De xeito presencial no centro en horario de 09:30 a 15:45
- POR VÍA ELECTRÓNICA nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática: «Fondolibros» <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>
- A través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> con código de procedemento ED330B mediante Certificado Dixital ou Chave365.

O alumnado de 6º de Educación Primaria deberá presentar a súa solicitude no IES.

A solicitude será única por familia do alumando que estea admitido no mesmo centro docente para o curso 2022/23, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.

MODALIDADES:

- * Participación no fondo solidario de libros de texto: 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- * Axudas para adquirir libros de texto: 1º e 2º de Educación Primaria.
- * Axudas para adquirir material escolar: todo o alumnado que curse no 2022/23 Educación Primaria.

REQUISITOS:

Ter entregado os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2021/2022 antes do 18 de xuño, excepto o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.

Compromiso de conservar os libros de texto en bo estado.

A falta de devolución dos libros é causa de exclusión do fondo solidario e das axudas para a adquisición de material escolar.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Impreso de solicitude **Anexo I** e **Anexo II** (descargar os dous impresos)
- Fotocopia do libro de familia.
- Nos casos en que non teñan libro de familia ou non reflicta a **situación a 31 de decembro do 2020**, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros:
 1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia.
 2. Certificado ou volante de convivencia.
 3. Informe dos servizos sociais.
- Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.
- Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao exercicio 2019, cando non autorice a consulta telemática.
- Violencia de xénero. Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titores carezan de DNI ou NIE